

Comentarios recollidos do [blog da Biblioteca](#) do IES Sánchez Cantón no curso 2007-2008

1. O relato desenvólvese en Vilapequena, que ten referencias a vilas típicas galegas, aínda que cita as cidades de Vigo, onde o seu pai vai vivir, e Ferrol, onde a protagonista viviu a súa infancia. Os personaxes son moi diversos e facilmente identificables. Os principais son Irene, a protagonista, que posúe poderes de telequinesia. É morena, ten gafas, media melena castaña, unhas poucas pencas e é alta. Arturito Campos é o “malote” da clase, un pouco chulo, pelo longo e louro. É alto e ten os beizos carnosos e é bo xogando ao fútbol. Brais, o “chapón” da clase, é moreno, ten gafas e é intelixente. E os secundarios son a súa familia, a súa irmá Bea, e os seus pais Lisardo e Elisa, algúns dos seus profesores (a Circunferencia e o Foucellas), compañeiros de clase (Xabier, Manoliño, Dorinda, Pachucha, Lía, Tania, María e Mónica), candidatos a alcaldía (don Ernesto e don Segundo) e un futurólogo chamado Cephe. A historia trata dos feitos máis importantes da vida de Irene, unha nena de 14 anos que ten poderes de telequinesia (como xa mencionei antes). O libro narra historias moi diversas entre si, de diferentes anos e épocas, sen unha orde aparente, o que ten un efecto atrapador que te obriga a seguir lendo. Carlos Mosteiro dalgunha maneira critica o método de escola actual, a civilización e os estereotipos da sociedade moderna. O relato é dun xénero narrativo con toques de suspense. O suspense débese a desorde dos relatos e a intriga de descubrir os diversos finais. Ten un vocabulario coloquial con moitas palabras malsoantes, sobre todo nos diálogos dos mozos. Pareceume interesante e divertido, moi orixinal. O que máis me gustou del foi que te atrapa, porque conta as historias sen orden aparente, como un xeroglífico que teñas que resolver. Recomendoo. **(Antonio)**

2. Irene é una rapaza de 14 anos que ten poderes especiais, é capaz de mover obxectos coa mente cando quere e sen querelo tamén. Ela está atormentada, porque lle gusta un rapaz chamado Arturo, mal estudante que se porta mal e a despreza. Tamén sofre a separación dos seus pais. Irene, séntese mal, e por iso pídelles axuda a Cephe, un estudoso na materia de telecinesia (movemento das cousas pola acción da mente), para que lle axude. Nunha excursión de fin de curso a Barcelona, Arturo ... Ó ano seguinte, Brais (un rapaz do seu mesmo curso) e Irene. A Alfredo, o seu profesor de lingua galega, pásalle ... O libro esta ben, é divertido nalgúnhas partes e triste noutras. Esa combinación, fai do libro unha boa alternativa para ler en 2º da ESO. **(José Manuel)**

3. Irene é unha rapaza de catorce anos. Ela vai o colexio e gústalle un rapaz que se chama Arturo, pero a el non lle gusta ela. Ela ten poderes máxicos, é dicir, mentais, pero ela non os pode controlar e move as cousas de sitio. Ela vai vivir a outro país, pero cando regresa segue tendo ese poder, coñece a outro rapaz chamado Brais e a ... Eles saen xuntos ata que descobre os poderes mentais que ten a rapaza, pero que lle faría o rapaz á rapaza? Se queres sabelo e che intriga, lelo, gustarache, iso si, teño que confesalo, é un pouco aburrido nalgúns sitios pero noutros é máis divertido, a maioría, para a miña opinión, é aburrido e un pouco longo para a nosa idade ou os alumnos de 2º da ESO. Un cordial saúdo. **(Alejandro)**

4. Para ser sincero este libro non me gustou. Quizais se fora un pouco máis breve, claro e preciso conseguiría atraer a miña mente ata o punto máximo de concentración. Pero iso só me sucedeu cun libro que lin que realmente era excepcional, así que dubido que ningún destes libros chegue a conseguilo. É un libro raro, sen sentido, ata que consigues atopar a historia que hai debaixo desas palabras escritas a ordenador. Eu non pediría que se retirase este libro da listaxe de libros voluntarios porque tiña un punto diferente aos demais libros que hai por alí, por todo o mundo, e ademais non era de misterio nin de intriga, cousa que se agradece despois de tantos libros iguais, sen calidade porque para min os únicos libros que non cansan e que tratan deses temas son os de Sherlock Holmes e os que lemos están lonxe de semellarse. Repítome tanto sobre isto porque espero conseguir algo coa miña opinión e a dos outros

compañeiros. Para rematar recomendaría ler este libro porque como xa dixen é un diferente e esta escrito dunha forma moi fermosa. **(David)**

5. Este relato trata sobre Irene, unha nena de 14 anos e con poderes telecinéticos. Ela estivo saíndo cun rapaz da súa idade chamado ... Sen que se dese conta ela ... namórase dela. Cando Irene "rompe" con ... entra nun estado de tristeza é entón cando decide ir a visitar a Cephe para intentar solucionar o da telecinesia.Total que pagou para nada. Cando a cousa parecía que non podía empeorar Irene decátase de que os seus pais ... E nese momento cando precisa de ... para axudala e darlle consellos. Ó final descóbrese que non era a única capaz de mover obxectos o ... tamén era capaz. Este libro pareceume longo pero entretido á vez que divertido. As mellores partes sitúoas nas conversas e nas historias dos rapaces (pelexas, excursións, maneiras de copiar,etc) e as peores no narrador, porque algunhas desas partes eran custosas de ler. **(Eligio)**

6. O libro non me gustou moito porque non pasa nada interesante. É aburrido porque só fala do amor e o único interesante é que Irene move obxectos coa mente. A min gústanme máis os de medo e por iso non recomendo este libro, é aburrido. **(Adrián)**

7. Gustoume este libro sobre todo porque reflicte como é a vida dunha rapaza da nosa idade e faino dunha maneira tan espontánea e real, que fixo que me sentise identificada con Irene Santiso en moitas ocasións. Moitos poderán dicir que é un libro raro e outros dirán que non emprega un vocabulario adoitado; na miña opinión é libro distinto e de lectura moi amena. Parece estar contado por un amigo ou algún compañeiro e iso fai que o relato sexa especial, diferente e atractivo para todos nós. O argumento do libro é narrar os acontecementos que suceden na vida de Irene, a protagonista, que ten a capacidade de mover cousas. Fala de como se sente acerca de moitos temas, todos eles moi dentro da vida dos adolescentes. As clases, as amizades, a familia e incluso os amores, están presentes na vida da protagonista do libro, así como nas nosas vidas. Recomendo este libro porque calquera que o lea manterá un sorriso mentres o le xa que ao mesmo tempo viranse a súa mente os moitos momentos semellantes que viviu. Tamén creo que debería ser unha lectura **(Elena)**

8. O libro trata dunha nena de trece anos que ten unha sorprendente calidade: é capaz de mover as cousas. Comezou a mover as cousas despois de sufrir un desamorío. E resultou que o desamorío non tivo como consecuencia só iso, a partir do desamorío cae nunha profunda depresión que fai que non durma e que non lle saian as ecuacións de matemáticas. Pero pouco a pouco irá superando ese desamorío grazas a ..., un neno que está ... de Irene. Sentirá o mesmo Irene por el? Remataran xuntos? As respostas están no libro; así que se queres resolver esas preguntas terás que lelo. **(Andrea)**
